Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000478)

PRP2025/2061

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Carolina Saborido Franco, para obras de reforma de baño existente na Praza da Estación nº 2, 5º B (Ref. Cat. 9569005NH1196N0041GF), tendo en conta as seguintes consideracións:

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruídos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruídos.

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano. (Expte. URB/2025/000479)

PRP2025/2062

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Sofía Suárez Táboas, para obras de arranxo de tellado en anexo a vivenda na rúa Wenceslao Fernández Flórez nº 14, Sobradelo (Ref. Cat. 86510508NH1185S0001UL), sen modificación de volume nin estrutura.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en

consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano.(Expte. URB/2025/000481)

PRP2025/2083

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dña. Concepción Mouriño Quiñoy para obras de arranxo de fachada en vivenda situada na rúa Cervantes do Carril nº 42, Carril (Ref. Cat. 8584114NH1188S0001IQ), tal e como se indica na documentación que se achega.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo de un ano.(Expte. URB/2025/000488)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

PRP2025/2033

Informar favorablemente a solicitude de D. Carlos Gabriel Jueguen Millán para legalización de cuberto posterior na rúa Fontecarmoa nº 88A (Ref. Cat.: 8748986NH1184N000KJ), de conformidade co informe técnico no cal se indica que a descrición das características e usos das edificacións contidas na documentación presentada resulta compatible coas determinacións do vixente plan xeral.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Disciplina Urbanística en relación a expt. DISC/2025/007 por obras realizadas sen título habilitante. (URB/2025/000296)

PRP2025/2051

Informar desfavorablemente a solicitude de Dna. Ana Gens Lois de legalización de cuberto acaroado a lindeiro en solo de núcleo rual na rúa Rueiro s/n, Carril (Ref. Cat.: 9878506NH1197N0001XE), de conformidade co informe técnico, onde se indica que non se dá resposta ao solicitado en varios requirimentos efectuados, e co informe xurídico desfavorable á legalización solicitada.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Disciplina Urbanística en relación a expt. DISC/2021/040 (D-92/22) de reposición de legalidade por obras realizadas sen título habilitante. (URB/2023/000867)

PRP2025/2071

Informar favorablemente a solicitude de D. Julio L de Miguel Castro en representación de Dna. Cathy Cicchini Castro para obras de construción auxiliar, peche posterior entre colindantes e instalación de cheminea a cuberta na rúa Bouza Xusta nº 46, Trabanca Badiña (Ref. Cat.: 1166203NH2116N0001TS), tal e como se indica na documentación presentada posto que resulta compatible coas determinacións do vixente Plan Xeral.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción RD 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fisen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Disciplina Urbanística en relación co expediente DISC/2024/074 iniciado por instalación de cheminea sen adaptarse á normativa de aplicación. (Expte. URB/2025/000193)

PRP2025/2075

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Ana María Salgado López en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras de ampliación na rede eléctrica na rúa Amizade, 26 A Torre (Nº SDG: 638224080097) consistentes na execución de 33 ml de nova canalización soterrada da rede eléctrica de 0,4 x 1 m con tubo PEAD diámetro 160 mm para conectar con CPM de cliente, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos

municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.

- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar ás distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- **Reposicións :**

Reposición do vial afectado pola gabia mediante capa de rodadura de 5 cm, de mezcla bituminosa en quente AC16 50/70 surf S de **todo o ancho do vial** (para viais de anchura < 4 m.) **ou na metade da sección do vial** para viais de anchura > 4 m., previo fresado da zona a pavimentar.

- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- Autorizacións Sectoriais:

Non precisa autorizacións sectoriais.

- A fianza de 2.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2025/000236)

PRP2025/2076

Informar favorablemente a solicitude de D. Julián Martínez Parada para acometida á rede municipal de auga **para uso de auga de obra** na rúa Sobreira s/n, Cea (Ref. Cat. 1356902NH2115N0000KJ), e realizarse baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- Para a instalación do contador de auga disporase na batería de contadores do edificio.
- O uso da auga **será exclusivamente para as necesidades de construción da obra**, sen que se poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte. URB/2025/000389)

PRP2025/2077

Informar favorablemente a solicitude de D. Ramón Domínguez Meaños a para acometida á rede municipal de auga **para uso de auga de obra** en Camiño de Renza, Sobrán (Ref. Cat. 7735311NH1173N0001BL), e realizarse baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.

- Para a instalación do contador de auga dispórase na batería de contadores do edificio.
- O uso da auga **será exclusivamente para as necesidades de construción da obra**, sen que se poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte. URB/2025/000399)

PRP2025/2078

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Juan Manuel Domínguez Mondragón en representación de Dña. Alcira Álvarez Rodríguez, para acometida á rede municipal de auga **para uso doméstico** na Avd. As Carolinas nº 10 (Ref. Cat. 9859816NH1195N0001OG) .

Realizada visita de comprobación ao inmovible polo enxeñeiro técnico municipal, para verificar a axeitada execución da acometida, compróbase que xa está executada correctamente, dando a súa conformidade á conexión da mesma. (Expte. URB/2025/000426)

PRP2025/2079

Informar favorablemente a solicitude de D. Francisco J. Madriñán Jorge en representación de PROYECON GALICIA SA SERANCO SAU UTE, para acometida á rede municipal de auga **para uso de auga de obra** en Avda. da Mariña 21 (Ref. Cat. 9168009NH1196N0001RO), e realizárase baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fíxarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga **será exclusivamente para as necesidades de construción da obra**, sen que se poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas. (Expte. URB/2025/000430)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2025/2031

Informar favorablemente a solicitude presentada con data 30/04/2025, por D. Emilio Vázquez Rubianes, de desestímulo á tramitación da licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar na rúa Bouza de Cea s/n (Ref. Cat. 1056207NH2115N0001FK), de conformidade cos informes técnico e xurídico emitidos ao respecto, e que se proceda ao arquivo do expediente.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas aos efectos oportunos (autoliquidación do ICIO). (Expte. URB/2023/000861)

PRP2025/2032

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por Dna. Sandra González Rodríguez en representación de D. Gustavo Rodríguez Rodríguez e Dna. Carmen Tomás Sánchez, para construción de vivenda unifamiliar na rúa Rubiáns de Arriba s/n (Ref. Cat.: 2136207NH2123N0001KA), redactado polos arquitectos Dna. Sandra González Rodríguez e D. Rafael Castro Armesto, con visado colexial de data 10.07.2024, xunto coa documentación achegada con data 10.04.2025 consistente en plano "U04 Detalle cierre parcela" con visado colexial do 09.04.2025 e declaración responsable asinada polos arquitectos redactores do proxecto o 10.04.2025 de que o proxecto de execución presentado non introduce modificacións respecto ao proxecto básico autorizado. (Expte. URB/2024/000020)

PRP2025/2052

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Sergio Otero Nieto en representación de Dna. Aitana Caamaño Galbán, vistos os informes técnico e xurídico, para legalización de acondicionamento de finca e edificación de recreo familiar na rúa Dos Maios, Sobradelo, de conformidade co proxecto de legalización redactado polo arquitecto D. Segio Otero Nieto con visado colexial de data 04.04.2025 e escrituras de segregación, cesión e compravenda presentadas con data 09.04.2025. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Ordenanza nº 11 (NP-1).
 2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: Sociocultural (recreativo)
 3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: B+1+BC , 70%
 4. Orzamento de execución material: 18.500,00 €
 5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8453019NH1185S0001HL
 6. Técnico director da obra: Arquitecto D. Sergio Otero Nieto
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
 - A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
 - Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
 - A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
 - De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.

- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG (Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). Así como certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa da superficie cedida ao Concello libre de cargas e gravames.

Así mesmo, infórmase favorablemente as obras ordinarias de urbanización e obras de acometidas aos servizos municipais de auga e saneamento, condicionado ao cumprimento das condicións establecidas no informe do enxeñeiro técnico municipal de data 24.04.2025, que a seguir se indican:
OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo da Concesionaria de augas, Espina e Delfin, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE SANEAMENTO

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo municipal de obras do concello, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de diámetro 160 mm.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro.

Non se poderá realizar a conexión efectiva ás redes de auga e saneamento ata que non se obteña o título habilitante para a primeira ocupación da vivenda.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Disciplina Urbanística aos efectos de continuar coa tramitación do expt. DISC/2023/032. (Expte. URB/2023/000717)

PRP2025/2063

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Rocío Otero Agra, para obtención dunha nova prórroga de tres meses para inicio das obras de acondicionamento de local situado na Avd. Doutor Tourón nº 9, baixo - Pta. 2, que obtivo licenza por Resolución de Alcaldía de data

14.09.2023, de conformidade cos informes técnico e xurídico favorables á concesión da prórroga. Constan no expediente Resolucíons de Alcaldía de data 04.04.2024 de concesión de prórroga de seis meses, outra de data 03.10.2024 de concesión de prórroga de tres meses para inicio das citadas obras e outra de data 06.02.2025 de concesión de prórroga de tres meses para inicio das obras. (Expte. URB/2023/000011)

PRP2025/2064

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Sara Ferro Louzán en representación de D. Álvaro Santos Fajardo, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar illada, no lugar de rúa Ourense nº 61, Carril, de conformidade co Modificado de proxecto básico e proxecto de execución redactado polos arquitectos Dna. Sara Ferro Louzán e D. Adrián Chaves García, con visado colexial do 09.01.2025 e planos do referido Modificado con visado do 25.03.2025. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Ordenanza residencial de edificación illada - Plan Parcial de Ordenación da Tomada-Carril.
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m á parte superior do último forxado (non superará os 8 m.). 50%
4. Orzamento de execución material: 142.300,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8782358NH1188S0001WQ
6. Técnicos directores das obras: Arquitectos Dna. Sara Ferro Louzán e D. Adrián Chaves García.

Director de execución material D. Melchor Nogueira Uzal

Coordinador de seguridade e saúde: D. Melchor Nogueira Uzal

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.

-- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB/2023/000578)

PRP2025/2070

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Pilar Lorenzo Regades en representación de COM. PROP. SAN JOSÉ 14, vistos os informes técnico e xurídico, para instalación de ascensor en edificio situado en rúa San José nº 14 (Ref. cat.: 9470910NH1197S), de conformidade co proxecto de adaptación de portal e instalación de ascensor, redactado polo arquitecto D. Juan Antonio Villanueva Ruíz, con visado colexial do 27.02.2025.

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/000231)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2025/2029

Informar favorablemente o arquivo da comunicación previa de cambio de titularidade da actividade de bar na rúa Baldosa nº 11, presentada por D. Martín Vázquez Blanco en representación de GOAHEAD RESTAURACIÓN2020 S.L., de conformidade co informe técnico de data 15.05.2025, no que se comproba que o devandito local atópase cerrado e sen actividade. (Expt. ACTI/2020/000037).

PRP2025/2030

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade, da licenza de apertura outorgada por resolución municipal de data 08.01.2008 a favor de IDEAS INMOBILIARIAS VILAGARCÍA S.L. para a actividade de oficina para inmobiliaria e servizos financeiros (Epígrafes: 834 e 831.9) en local situado na rúa Arzobispo Lago nº 14 C (Ref. Cat.: 9261004NH1196S01778YR), quedando subrogada DNA. JORGELINA MARIELA CARDARÓPOLI DE LUCE na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016: "3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....." (Expt. ACTI/2025/000030)

TERRAZAS

PRP2025/2082

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Adrián Santórum Rey en representación de SANTORUM GONGAL S.L., para instalación dunha terraza con mesas e cadeiras, vinculada ao establecemento denominado "AMOR DE MADRE" situado na rúa Camilo José Cela nº 9, baixo 1, baixo as seguintes condicións:

- Unha ocupación de 15,67 m² con 4 veladores para 16 persoas de aforo diante da fachada do seu local, de conformidade co plano 02 presentado con data 07.02.2023 (do que se achega copia). Tamén se autorizan 2 mamparas de 1,60 m. de altura.
 - **Deberá axustarse ás dimensións solicitadas e autorizadas** e absterse de instalar calquera elemento non incluído nesta resolución, tense comprobado por diversas inspeccións que, malia carecer de autorización expresa, normalmente instala máis veladores e ocupa máis superficie que a solicitada no presente expediente.
- Deberanse respectar as determinacións contidas na vixente ordenanza de terrazas e nomeadamente as seguintes condicións:
- Consonte o artigo 24 da Ordenanza de Terrazas, finalizado o horario de funcionamento da terraza, deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse en local privado.
 - Tódolos elementos que se instalen, incluso os que non se contemplan na solicitude como anuncios de menús, elementos decorativos, etc... deberán respectar os límites de superficie

autorizados.

- Tódolos elementos instalados deberán garantir a súa estabilidade, sen practicar furos nin ancoraxes no pavimento da vía pública.
- O solicitante será responsable de que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- Será responsabilidade do interesado o estrito cumprimento dos horarios establecidos e dos límites da superficie autorizada, así como que os clientes non dificulten a libre circulación de peóns polos itinerarios exclusivos reservados a eles. A estes efectos, deberase respectar en todo momento un itinerario peonil de 1,80 m. de ancho como mínimo.
- A autorización de ocupación da vía pública será a que se contén no plano presentado xunto coa solicitude.
- Os elementos de mobiliario urbano (bancos, árbores, fontes...etc), se os houbera, deberán permanecer libres e dispoñibles para uso público.
- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025. Finalizado o prazo da mesma, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- A veracidade dos datos aportados é responsabilidade do solicitante. A autorización quedará sin efecto en caso de comprobarse algunha incorrección ou falsidade nos documentos da solicitude.
- Deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19.10.2016).
- Quedan expresamente prohibidas as actuacións musicais en directo e a instalación de equipos audiovisuais visibles ou audíbles dende os espazos de terrazas.
- Darase traslado do acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T/2023/000002)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:25 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.